

ALGUNHAS NORMAS IMPORTANTES DO NOSO RRI

ARTIGO 48º

O deber máis importante dos alumno é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso o deber do estudio, manifestado especialmente no interese por aprender e na asistencia á clase, é a principal e favorable consecuencia do dereito fundamental á educación.

O estudio constitúe un deber básico dos alumnos e concrétese nas seguintes obrigacións:

- a) Asistir á clase con puntualidade e participar nas actividades programadas
- b) Cumprir e respectar os horarios das actividades do centro
- c) Seguir as orientacións do profesorado e mostrarlle o debido respecto
- d) Respectar o exercicio do dereito ao estudio dos demais

Aquelas aulas que presenten un estado de desleixo ou con lixo debido a un inaxeitado uso das mesmas, non serán limpadas polo persoal correspondente senón polos usuarios da aula en cuestión. A decisión poderá ser tomada por un profesor, polo titor ou por un membro da dirección.

ARTIGO 51º

De acordo ao disposto nesta norma, poderán corrixirse aquelas condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado , no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, (...). Tamén poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, sendo levadas a cabo fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido polo artigo 28 (LEI4/2011).

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar, considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei de Convivencia.

ARTIGO 52º

O alumnado que, de xeito individual ou colectivo, cause danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do IES, ou ao seu material, queda obrigado a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, o alumnado que subtraera bens do IES deberá restituír o substraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

ARTIGO 73º

O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon ao seu dispor. O interese por aprender e a asistencia a clase, é dicir, o deber do estudo é a consecuencia do dereito fundamental á educación. A asistencia as aulas é obrigatoria e é responsabilidade de cada alumno e dos seus pais ou titores legais

ARTIGO 75º

Cando unha parte do grupo realice unha actividade complementaria ou extraescolar, aqueles que non participen quedan obrigados a cumprir o seu horario lectivo normal.

Aqueles alumnos/as que non poidan participar nas devanditas actividades, como consecuencia da acumulación de sancións, se lles poderá esixir nese tempo, a realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro ou de limpeza de determinados espazos interiores ou exteriores do mesmo,

ARTIGO 76º

Durante a súa xornada lectiva, o alumnado da ESO só poderá abandonar o recinto do IES acompañado do pai, da nai ou dun titor legal, unha vez cuberto o impreso correspondente na conserxería co visto e prace dalgún membro da dirección .

Se as familias, titores ou representantes legais o estiman oportuno, poderán asinar un documento que permita a saída do IES sen acompañamento, con carácter xeral, sempre e cando avisen e xustifiquen previamente a dita saída.

ARTIGO 77º

O alumnado de Bacharelato non pode abandonar o recinto do IES sen causa xustificada durante a súa xornada lectiva, agás nos recreos, sempre e cando as familias, titores ou representantes legais, sendo menores de idade, non decidan o contrario.

ARTIGO 78º

Nos casos de ausencia confirmada de profesorado de Bacharelato, o alumnado poderá non acudir ao IES na primeira ou primeiras e abandonar a última ou últimas horas lectivas do día con autorización do profesorado de garda ou dun membro do equipo directivo, sempre e cando as familias, tutores ou representantes legais, sendo menores de idade, non decidan o contrario.

ARTIGO 79º

En ausencia dalgún membro do profesorado, o alumnado debe buscar un profesor de garda .

Isto tamén é aplicable cando falte un profesor/a a última hora

ARTIGO 80º

A ausencia de alumnado a unha proba específica de avaliación deberá ser comunicada con antelación, se estaba prevista, e necesariamente xustificada con documentación.

ARTIGO 81º

O alumnado que falte ás aulas por causa xustificada ou non, deberá preocuparse por recadar o traballo feito na súa ausencia. O descoñecemento do alumno das tarefas encomendadas polo profesorado durante a súa ausencia non xustifica, de xeito inmediato, que non se entreguen.

Sobre a puntualidade

ARTIGO 82º

O alumnado deberá asistir a clase con puntualidade, e trasladarse entre aulas nun período de tempo non superior a 3 minutos.

No desprazamento entre aulas, non deberán acceder ás taquillas, tendo que facelo no tempo de lecer, e á entrada no centro pola mañá.

ARTIGO 83º

Considerase falta de puntualidade sempre que un alumno entre na aula sen xustificación despois do inicio da sesión lectiva.

O alumnado reincidente será amonestado por escrito polo profesor/a da materia.

ARTIGO 84º

Se algún membro do alumnado ten razóns especiais para chegar reiteradamente con retraso a algunha das actividades, debe comunicalo á xefatura de estudos, quen o comunicará ao titor. Para iso presentará a correspondente xustificación, co fin de que tales retrasos non sexan contabilizados como faltas de puntualidade.

Uso das taquillas do centro

ARTIGO 139º

As taquillas do centro están en réxime de aluguer para os alumnos/as do centro e renóvanse cada ano. A principio do curso escolar, os alumnos interesados no uso de taquillas, pagarán o importe anual determinado polo centro. Desta cantidade, o centro devolverá a fin de curso unha parte, sempre que non haxa deterioro nin perda de chaves. E mellor non deixar ningún tipo de obxecto valioso dentro da taquilla. O centro non se pode facer responsable da desaparición destes obxectos.

Sobre a vestimenta dos alumnos/as do centro.

ARTIGO 145º

As normas de convivencia deberán conter previsións sobre a vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

Sería desexable que a indumentaria dos alumnos/as do Instituto Rafael Dieste fose respectuosa coas actividades propias dun centro educativo, polo que á parte *de vir limpos/as e aseados/as*, deberán acudir adecuadamente vestidos.

Algúns *exemplos de indumentaria inapropiada* dentro das aulas:

- a) Levar viseiras, sombreiros, panos de cabeza, carapuchas..etc.
- b) Cubrirse a cara con bufandas ou outra prenda semellante.
- c) Levar gafas de sol.
- d) Levar bañadores como única prenda exterior.

- e) Levar prendas con referencias ou imaxes relativas a sexo, alcohol, tabaco, que inciten á violencia, consumo de estupefacientes, aldraxes, escritos racistas, sexistas, profanatorios ou que traten de ridiculizar ás persoas.

CAPÍTULO XVI

Sobre os teléfonos móbiles, Mp3,4, ipods....etc

ARTIGO 147

Nonse poderá acceder ás aulas con teléfonos móbiles. Os aparatos MP3/4, ipods, consolas e outros semellantes, unicamente se poderán usar nos períodos de lecer.

No caso de soar na aula, o móbil será requisado e depositado nos despachos, quedando a disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, e todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondesen. En ningún caso o centro se fará responsable da desaparición destes aparatos. En todo momento o alumnado terá á súa disposición os teléfonos do centro para casos de emerxencia ou necesidade. En tal caso deberán acudir á dirección ou conserxería para porse en contacto coa súa familia. Tamén a familia do alumnado poderá chamar en calquera momento ao centro para localizar a un/unha alumno/a en caso de necesidade.

En todo momento, o profesorado está facultado para requerir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde (petardos, bombas fétidas etc) ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares (móbiles, ipods, ipads, mp3, cámaras, etc).

Sobre a xustificación das faltas de asistencia

ARTIGO 90º

Os titores terán ao seu dispor un *Modelo de xustificación de faltas* que facilitará as familias e ao alumnado. No caso de reiterada xustificacións de faltas de asistencia, o titor solicitará á familia, titores ou representantes legais xustificación documental e informará á xefatura de estudos.

ARTIGO 91º

Considerarase falta xustificada a que, antes ou despois de producirse, é obxecto de alegacións e xustificacións por parte do alumnado, se é maior de idade, ou pola familia, titores ou representantes legais, acompañada da documentación correspondente, se proceder, e valorada como xustificable polo titor ou xefe de estudos. As xustificacións, aínda correctamente documentadas, entregada fóra do prazo sinalado non terán efecto.

ARTIGO 92º

Todas e cada unha das faltas de asistencia xustifícanse mediante a presentación do correspondente impreso oficial do IES, que se encontra na conserxería, nun prazo non superior a tres días lectivos desde a reincorporación ao centro.

ARTIGO 93º

A comunicación verbal dos responsables do alumno ao IES, tanto telefónica como presencial, servirá como xustificación provisional, mais en ningún caso definitiva.

ARTIGO 94º

a) *Xustificantes de faltas*

A aceptación dos xustificantes así como a súa validez é en primeiro lugar, competencia do titor, que poderá solicitar colaboración, se é o caso, á xefatura de estudos e ao Departamento de Orientación, así como pedir que sexan apoiados pola testemuña da familia, titores ou representantes legais do alumno ou mesmo por documentos oficiais, especialmente cando as ausencias sexan prolongadas ou se dubide da autenticidade dos xustificantes.

Non serán aceptados xustificantes a posteriori nos seguintes casos

1. Faltas de puntualidade e/ou asistencia, xustificadas por “*lotes* “ e/ou fóra de prazo, con simple sinatura dos pais/nais titor legal, sen aporte de documentación explícita que avale os períodos de

faltas.

2. Faltas por *saír do centro* sen que conste a autorización ou visado dalgún membro da dirección, titor/a, ou profesor/a.

b) *Apercibimento por acumulación de faltas de asistencia sen*

<u>1er Apercibimento</u>	<u>Accións por parte do titor/a</u>
1. Cando leve <i>dúas semanas</i> – seguidas ou non - sen asistir a <i>unha materia concreta</i> .	A parte do correo ordinario <u>é preciso chamar a casa para notificar a situación</u> e dar un prazo para xustificar as faltas.
2. <u>OU</u> cando leve en total <i>12 faltas acumuladas</i> entre <i>diferentes materias</i> sen xustificar.	Rematado o prazo dado polo titor/a, este/a emitirá o 1er APERCIBIMENTO por faltas de asistencia , asinado polo Xefe/a de Estudos.
3. <u>OU</u> teña <i>dez faltas de puntualidade</i> .	
<u>2º Apercibimento</u>	<u>Accións por parte do titor/a</u>
4. Si <i>reincide unha semana máis</i> no punto 1	A parte do correo ordinario <u>é preciso chamar a casa para notificar a situación</u> e dar un prazo para xustificar as faltas .
5. <u>OU</u> Cando chegue ás <i>18 faltas acumuladas</i> entre <i>diferentes materias</i> sen xustificar.	Rematado o prazo dado polo titor/a, este emitirá o
6. <u>OU</u> cando chegue a <i>vinte faltas de puntualidade</i>	2º APERCIBIMENTO, e definitivo, por faltas de asistencia, asinado polo Xefe/a de Estudos

xustificar

No caso de que un alumno/a acumule durante unha avaliación nunha materia, o número de faltas inxustificadas que se indican no cadro seguinte, será apercibido por escrito, por falta leve, un máximo de dúas veces .

Estes apercibimentos, coa relación de faltas, faránselle chegar a os seus pais ou titores legais.

Tamén se lles indicará por escrito aos pais/nais /titores/as legais do alumnno/a as consecuencias derivadas da emisión do segundo apercibimento.

d) *Consecuencias do segundo apercibimento*

CONSECUENCIAS DO 2º APERCIBIMENTO (medidas a tomar en Orientación / Dirección)	
Na ESO	No Bacharelato
Tramitación Parte Absentismo a Asuntos Sociais. Comunicación por escrito ás familias do inicio tramitación parte Absentismo	Perda da avaliación continua na materia ou materias nas que estea apercibido. Só poderá presentarse aos exames extraordinarios de Xuño e Setembro (pero poderá asistir ás clases) Comunicación por escrito ás familias da materia/as afectada/s pola perda de avaliación continúa.

1 falta = 1 hora lectiva